

Bases do VII Concurso de Fotografía “Cidade de Narón”

1. A Concellería de Turismo do Concello de Narón convoca, como cada ano, o VII Concurso de Fotografía “Cidade de Narón”, coas condicións e características recollidas nestas Bases.
2. O concurso é gratuito e está aberto a toda persoa maior de idade.
3. Cada fotografía presentada deberá mostrar a riqueza de Narón, tanto en patrimonio monumental e arqueolóxico como en espazos naturais de interese, de lecer, culturais, tecnolóxicos ou festas populares. É obrigatorio que o lugar ou entorno sexa do Concello de Narón e como tal sexa recoñecible.
4. Cada concursante poderá presentar un máximo de 3 fotografías en cor ou branco e negro coas seguintes características:
 - O soporte será obrigatoriamente dixital. As fotografías deberán ter unha resolución mínima de 1024 x 768 px., e os formatos admitidos serán JPG, TIFF e PNG.
 - Cada fotografía debe levar un título como nome de arquivo.
 - Quedarán excluídas as fotografías con calquera retoque ou alteración manual ou dixital.
 - Poderán opcionalmente presentarse en formato papel, cun tamaño mínimo de 20 x 25 cm. e máximo de 30 x 45 cm. Isto non exime da obrigatoriedade de presentar as fotografías en soporte dixital.
5. Establécense os seguintes premios, que poderán ser declarados desertos e estarán suxeitos ao disposto na lexislación fiscal vixente no momento da concesión:
 - 1º Premio 750 €
 - 2º Premio 300 €
 - 3º Premio 150 €Ningún concursante poderá ser premiado por dous ou máis fotografías que presente ao concurso.
6. Á hora de valorar as fotografías, o xurado poderá outorgar un máximo de 30 puntos a cada unha delas, de acordo cos seguintes criterios:
 - Pola calidade técnica-artística da imaxe: ata 15 puntos.
 - Pola orixinalidade: ata 10 puntos.
 - Polo grao de representatividade do Concello: ata 5 puntos.
7. O xurado estará formado por:
 - Kiko Delgado, fotógrafo profesional de “El Correo Gallego”.
 - Jesús G. Taboada, propietario do estudio F64 Fotógrafos de Narón.
 - Daniel Alexandre Espada, fotógrafo de “El diario de Ferrol”.
 - Lorena Romero, responsable de Prensa do Concello de Narón.
8. As fotografías presentaranse en forma de plica, do seguinte xeito:



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

- Nun sobre grande escribirase exclusivamente de forma visible: "VII Concurso de Fotografía Cidade de Narón", e un pseudónimo libremente elixido polo autor, coa única condición de que non permita que este sexa facilmente identificable.
 - No interior deste sobre incluírase un CD que conteña exclusivamente as fotografías presentadas co seu título como nome do arquivo. Estes nomes, así como o pseudónimo, figurarán tamén visibles na carátula do CD.
 - Xunto ao CD, no interior do sobre grande incluírase un sobre pequeno co pseudónimo escrito no seu exterior. No interior deste sobre introducirase unha folla cos seguintes datos:
 - Pseudónimo, nome, apelidos, NIF, dirección completa, teléfono e correo electrónico do autor.
 - Título das fotografías, cunha breve explicación do lugar e data na que foi realizada.
 - Declaración responsable asinada comprensiva da aceptación destas Bases, da autoría, orixinalidade e inexistencia de premios das fotografías presentadas, e da cesión das mesmas ao Concello de Narón para seren utilizadas en carteis, calendarios, exposicións, folletos e publicidade e propaganda do Concello, sen dereito a indemnización algunha por este feito.
 - Así mesmo, no interior do sobre grande incluíranse opcionalmente as fotografías en papel co título e o pseudónimo escritos na parte traseira.
9. O lugar de presentación será o rexistro ou o 5º andar da Casa do Concello (Praza de Galicia, s/n, CP 15570, Narón), entre as 8:30 h. do día 02/11/2016 ata as 13:30 h. do 18/11/2016. Para poder garantir o anonimato dos participantes, non se entregará xustificante algún da entrega dos sobres. Ao remate do prazo de presentación establecido, publicarase na web do Concello o listado de pseudónimos participantes no concurso.
10. O fallo do Xurado, que será inapelable, farase público na prensa e na web do Concello no prazo de trinta días naturais, a contar desde a finalización do prazo de presentación establecido.
11. Os premios serán entregados persoalmente nun acto público en data e lugar que se dará a coñecer nos medios anteriores con suficiente antelación.
12. O Concello de Narón resérvase a facultade decisoria no caso de controversia á hora de interpretar estas Bases.